

Realizou a carreira de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela, onde acadou a licenciatura en 1974 e se doutorou cinco anos despois coa tese titulada *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*. Neste mesmo centro exerce na actualidade a docencia e é catedrático de Filoloxía Románica dende 1992.

Un dos primeiros traballos que levou a cabo logo de remata-los estudos, xunto con Rosario Álvarez Blanco, foi a supervisión lingüística de *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, o primeiro semanario da posguerra que estaba escrito enteiramente en galego.

Dende 1973 forma parte do Instituto da Lingua Galega (ILG), como investigador, como membro do equipo de redacción do *Atlas Lingüístico Galego* e como responsable do Arquivo do Galego Oral que posúe este centro. Neste eido coordinou e colaborou na redacción do volume I (dous tomos) do *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía verbal* (1990), que foi agasallado co Premio da Crítica 1991 de Investigación, e no IV, *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico* (2003); así mesmo, participou no volume II, *Morfoloxía non verbal* (1995) e no III, *Fonética* (1999). Nesta mesma liña hai que destacar a súa participación na recollida do material dos puntos do dominio galego para o *Atlas Linguarum Europae*, para o *Atlas Lingüístico de España e Portugal* e a súa colaboración, a través do comité galego, no *Atlas Lingüístico Roman*. Dentro dos marcos de actuación do ILG traballou, así mesmo, como correddor das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* en 1977, que constituirían os alicerces das que se aprobaron en 1988.

Francisco Fernández Rei forma parte de numerosas asociacións e entidades relacionadas con diferentes linguas románicas e en especial co galego. Cómpre destacar que en 1978 participou na fundación de Escola Aberta e en 1984 igualmente contribuíu á creación da Asociación de Tradutores Galegos. É membro do comité científico da Sociedade Internacional de Limba Sarda; do plenario do Consello da Cultura en representación do ILG, onde forma parte da Sección de Lingua e da Comisión Técnica do Arquivo Sonoro de Galicia; membro de número do Padroado da Fundación Sotelo Blanco; do Museo de Antropoloxía; do Museo do Pobo Galego e da comisión da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA), dende a cal participou na redacción das *Normas ortográficas e morfolóxicas do galego de Asturias* (1990).

Así mesmo, forma parte do consello científico de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* e do consello editorial de *Citania. Artes, letras, espectáculos*; tamén é cosecretario do consello de redacción de

A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico, que se empezou a editar en 1990.

Completan a produción bibliográfica de Fernández Rei o manual para COU, *Lingua galega*, que en colaboración con outros docentes escribiu en 1985 e *Dialectoloxía da lingua galega* (1990), que foi merecedor do Premio Antón Losada Diéguez de Investigación. Coordinou, xunto coa profesora Mercedes Brea, o libro *Homenaxe ó profesor Constantino García* (1991), realizado polo Departamento de Filoloxía Galega da universidade compostelá. Xunto a Carme Herminha publicou o audio-libro *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela, 1996) e con Antón Santamarina Fernández, *Estudios de sociolingüística románica: linguas e variedades minorizadas* (Santiago de Compostela, 1999).

Por outra banda, tamén hai que destacar a súa participación en distintos congresos e encontros sobre o galego e outras linguas románicas minorizadas e ten publicados artigos en diferentes revistas da cultura galega, como *A Trabe de Ouro*, *Revista de Filoloxía Románica*, *Cadernos da Lingua*, *Grial*, *Revista Galega de Filoloxía*...

Ademais dos galardóns mencionados, Francisco Fernández Rei é conselleiro de honra do Consello d'a Fabla Aragonesa e membro numerario electo da Real Academia Galega.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco. Intelectual galego nado en Vilanova de Lourenzá (Lugo) o 7 de xaneiro de 1913. Fixo os primeiros estudos na súa vila natal e rematounos no colexio dos escolapios de Monforte de Lemos, despois de estar un tempo como alumno libre no instituto de ensino medio de Lugo. En 1930 iniciou a carreira de

Dereito na Universidade de Madrid. Durante ese curso viviu a axitación universitaria que precedeu a proclamación da República e en outubro de 1931 trasladouse coa súa familia a Santiago de Compostela; e alí proseguíu as clases sobre leis, que alternou coas de Filosofía e Letras.

Na época da Compostela republicana protagonizou un intenso activismo cultural: colaboraba co Seminario de Estudos Galegos, co Comité de Cooperación Intelectual e coa Fundación Universitaria Española. Así mesmo, era delegado escolar nas facultades de Dereito e de Filosofía e Letras e representante da Federación de Estudiantes na Xunta de Goberno da Universidade. Isto motivou que fora elixido polos alumnos dos cinco centros universitarios que daquela existían, para pronunciar-lo discurso de apertura do curso académico 1933-34 no paraninfo, que levaba por título "La universidad en el momento presente". Por esta mesma época dirixía a revista *Universitarios* e desempeñaba a secretaría de *Alento*.

Unha vez que acadou a licenciatura en Dereito, incorporouse á docencia universitaria como profesor axudante, encargado da cátedra da disciplina de Dereito Civil. Asemade, despregou unha intensa actividade xornalística e política como militante do Partido Galeguista. Os seus albores literarios viron a luz na revista *Vallibria*, que dirixía en Mondoñedo José Trapero Pardo e na que igualmente colaboraban Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesia Alvariño, entre outros moitos nomes que tamén haberían de ocupar un lugar destacado nas letras galegas. Publicou unha morea de artigos nos xornais *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Heraldo de Galicia* e na prensa da emigración galega en América, resultando unha das



Francisco Fernández del Riego no seu despacho da Fundación Penzol, en Vigo (Pontevedra).



manifestacións máis vibrantes do pensamento galeguista daqueles anos. Colaborou, así mesmo, tamén nas revistas *Nós* e *Alento* e dirixiu temporalmente os semanarios *A Nosa Terra* e *Ser*.

Durante esta estancia compostelá entrou en contacto co Seminario de Estudos Galegos e coa editorial *Nós*. Ó fundarse o Partido Galeguista incorporouse a el, afiliándose ó grupo de Santiago. Cando se constituíu a Federación de Mocidades Galeguistas, Francisco del Riego foi o seu primeiro secretario xeral e pasou despois a integrarse no partido para tomar parte moi activa no labor propagandístico, dados os seus dotes de grande orador. O seu primeiro discurso pronunciouno nun mitin que tivo lugar na localidade pontevedresa de Bandeira en 1933 e o último, co gallo da campaña a prol do Estatuto de autonomía que se desenvolveu no teatro Alcázar de Madrid en xuño de 1936.

En 1932 foi elixido secretario xeral da agrupación *Ultreya*, unha organización xuvenil galeguista sen significación partidaria que se creou nese ano e que, baixo a dirección dun grupo de profesores, levou a cabo excursións de investigación polas costas de Galicia, polas terras do Barbanza e visitas á Misión Biolóxica, entre outras.

En xaneiro de 1935 tomou parte na constitución de Galeuzca e participou na Semana Cultural Galega organizada polo Seminario de Estudos Galegos que tivo lugar na cidade portuguesa do Porto. En xullo do 36, cando estalou a Guerra

◀ Francisco Fernández del Riego nun debuxo de Maside.

Civil, desempeñaba o posto de delegado do Partido Galeguista no Comité da Fronte Popular de Santiago e esta foi a súa última actuación política anterior á contenda, pois a raíz desta foi destituído como profesor universitario, inhabilitado para exercer a docencia e sancionado polo chamado Tribunal de Orde Pública. Despois de se manter agochado durante un tempo, acolleuse á mobilización forzada para se protexer da persecución. Rematada a loita española tivo que abandonar Compostela e en 1939 fixou a súa residencia en Vigo, véndose obrigado a exercer o ensino privado e, aínda así, empregaba unicamente o seu primeiro apelido para evitar que o identificasen as autoridades académicas. Uns anos máis tarde, e incitado polo seu amigo José María Castroviejo, empezou a escribir nos periódicos co pseudónimo de *Salvador Lorenzana*.


En 1943, de acordo con Gómez Román, iniciou os contactos con algúns dos galeguistas superviventes (Enrique Peinador, Carlos Maside, Valentín Paz Andrade...) para considera-la posibilidade de reorganizar-lo Partido Galeguista na clandestinidade, coa intención de reconstruí-lo galeguismo. Neste empeño colaborou arreo cos exiliados e cos movementos políticos da emigración. Sostivo un labor continuo coas accións culturais galegas que se realizaban en Bos Aires e en Montevideo, principalmente. Entre elas, a empréstada durante 20 anos á revista *Galicia* do Centro Gallego porteño, onde realizou a síntese mensual da actividade cultural de Galicia, e a *Galicia Emigrante*, ámbalas dúas dirixidas por Luis Seoane. A cidade pratense marcou o reinicio da súa actividade literaria, xa que alí publicou o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso espírito* (1949).

A finais da década dos anos 40, as colaboracións de Otero Pedrayo e de Fernández del Riego no periódico compostelán *La Noche* foron atraendo a atención cara ós temas galegos. Pedrayo publicaba os seus "Parladoiros" e Del Riego -co pseudónimo de *Salvador Lorenzana*-, "Atalaya de Galicia" e "Un tema gallego cada semana". No ano 49, o director do devandito xornal, Goñi, propúxolle a Del Riego a creación dun suplemento semanal para os sábados, de carácter bilingüe, que se dedicase a temas galegos, principalmente de literatura e socioeconómicos. Figuraban como colaboradores Otero Pedrayo, Cuevillas, Carballo Calero, Paz Andrade, Cunqueiro, Vicente Risco e os irmáns Álvarez Blázquez, entre outros. Por mor das insistentes denuncias políticas e as crecentes presións, o seu director viuse obrigado a suspender-lo semanario, despois dunha breve pero fecunda etapa.


Por esta mesma época, Francisco Fernández del Riego foi designado pola BBC de Londres para coordinar un programa de charlas organizadas pola emisora londiniense sobre asuntos culturais en lingua galega. As emisións tiveron un grande eco e nelas participaron case tódolos intelectuais que colaboraran no suplemento de *La Noche*.

En 1950, a partir dunha serie de ensaios endereitados a restaurar-lo proceso da cultura de Galicia, xurdiu o proxecto de creación da Editorial Galaxia, na que participou Del Riego, ocupándose ó principio da secretaría do Consello de Administración e posteriormente como director xerente. Finalmente, remataría renunciando a este cargo cando chegou ó convencemento de que a animadversión política que cara a el existía nos medios represivos lle podía prexudicar a Galaxia. Ademais da función de xerencia, tamén contribuíu culturalmente ó labor galaxiano, non só coa súa propia obra senón estimulando a doutros; neste senso pódese dicir, por exemplo, que Francisco del Riego foi un factor moi importante para a incorporación de Álvaro Cunqueiro á prosa galega e animou, así mesmo, a moitos outros escritores ó cultivo das letras galegas.

En novembro de 1960 foi elixido membro numerario da Real Academia Galega; no seu ingreso leu un discurso titulado "Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores". Por iniciativa súa, esta institución decidiu celebrar cada ano, a partir de 1963, o Día das Letras Galegas. Con posterioridade, en novembro de 1997, pasou a ocupar-la presidencia da devandita institución.



Unha obra de Fernández del Riego.



O *Diccionario de escritores* de Del Riego.

Dende maio de 1964, que se inaugurou a Fundación Penzol, Del Riego tivo ó seu cargo o funcionamento da biblioteca desta entidade, dirixindo diariamente a actividade deste importante centro cultural, do que aínda é director. Tamén por estas datas apareceu a revista *Grial*, da que foi codirector xunto con Ramón Piñeiro, durante os seus primeiros 25 anos de vida. Así mesmo, incorporouse ó grupo dos fundadores do Partido Socialista Galego e colaborou nas actividades políticas da súa etapa inicial.

Dende os anos 70 ata hoxe, véñse dedicando ó labor cultural, intelectual e de divulgación, traballando ó servizo de Galicia e dos seus valores con libros, artigos, relatorios e outras actividades a prol da cultura. Neste senso cómpre destacar que participou activamente na *Gran Enciclopedia Gallega* de Silverio Cañada e que forma parte do consello editorial da actual.

A súa obra de escritor, case toda consagrada á terra galega, é abundantísima e variada. Ademais de impartir conferencias, participar en congresos e simposios, do seu labor como editor, tradutor e orador, das colaboracións periodísticas que xa se citaron en *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Heraldo de Galicia*, *La Noche*, *Faro de Vigo...*, nas revistas *Nós*, *Alento*, *Galicia de Buenos Aires*, *Vida Gallega*, *Galicia Emigrante*, etc. e nas especializadas *Industrias Pesqueras* e *Industrias Conserveras*, participou en numerosos libros de autoría colectiva e, por suposto, creou unha morea de ensaios, relatos e novelas. Cómpre resaltar que a maioría dos artigos os asinou empregando diferentes pseudónimos, como *Salvador Lorenzana*, *Cosme Barreiros*, *Adrián Solovio* ou *Adrián Soutelo*.

Unha boa parte dos traballos de Del Riego pódese clasificar como ensaios, destinados a recompilar datos sobre a produción literaria galega; neste eido destacan, despois do xa mencionado *Cos ollos do noso espírito*, *Danzas populares gallegas* (Bos Aires, 1950); *Galicia no espello* (Bos Aires, 1954), co que recibiu o Premio Centro Galego de Bos Aires; *Historia da literatura galega* (Vigo, 1951); *Escolma de poesía galega*. *Os contemporáneos* (Vigo, 1951); *Escolma de poesía galega*. *O século XIX* (Vigo, 1957); *Poesía galega*. *Do dezanove aos continuadores* (Vigo, 1976); *Diccionario de escritores galegos* (Sada-A Coruña, 1990) e *Letras do noso tempo* (Vigo, 1974), que tamén é un ensaio, pero neste caso sobre a literatura europea e americana. Tamén se pode falar da literatura de viaxes de Francisco Fernández del Riego en *As peregrinacións xacobeas* (Santa Comba-A Coruña, 1983), *A pegada das viaxes* (Vigo, 2000), *Portugal norteño* (Vigo, 2000), *Vigo sentimental*. (*A cidade vivida por Francisco Fernández del Riego*) [Vigo, 2001], *Pontevedra sentimental* (Vigo, 2002), *Ourense sentimental* (Vigo, 2002) e *A Coruña sentimental* (Vigo, 2003), entre outras. Ten tamén unha serie de monografías sobre diferentes autores da cultura galega como *A xeración Galaxia* (Vigo, 1996), *O señor da casa grande de Cima de Vila* (Trasalba-Ourense, 1988), *Antolín Faraldo, o gran soñador* (Vigo, 1998), *Con Pondal en Bergantiños* (Sada-A Coruña, 2001), *O padre Sarmiento e Galicia* (Vigo, 2002), etc. Cómpre salientalo libro de memorias *O río do tempo*. *Unha historia vivida* (Sada-A Coruña, 1990), que ademais de deixar

testemuño da súa actividade literaria permite o coñecemento da historia do galeguismo do século XX.

As publicacións máis recentes de Fernández del Riego constitúenas *Desde a miña fiesta* (Vigo, 2002), *Camiño andado: memorias* (Vigo, 2003), *Sinais dunha cultura* (Pontevedra, 2003) e *Lourenzá* (2004).

Este intelectual galego, ó longo de toda a súa vida, foi condecorado con diferentes galardóns, dos que destacan o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio de Creación Cultural da Xunta de Galicia, o Premio Trasalba, a Medalla de Ouro de Galicia ou a Medalla de Ouro da cidade de Vigo. Así mesmo, ten a Insignia de Ouro da Universidade de Compostela, é Galego Egrexio dos Premios da Crítica Galicia e doutor honoris causa pola Universidade de Vigo.

En xaneiro de 1995, como recoñecemento á cidade na que vive, dooulle ó pobo vigués a súa colección bibliográfica de máis de 25.000 volumes, recompilada ó longo da súa vida; un importante arquivo, integrado por documentos e por un nutrido epistolario das figuras representativas da cultura galega contemporánea; un valioso conxunto de arte plástica, que constitúe unha mostra de gran valor na que figuran obras de pintores e escultores coetáneos; e unha ampla serie de obxectos persoais (premios, placas, condecoracións, lembranzas...), que foi recibindo ó longo do seu quefacer cultural. A dádiva íntegra, dende que se fundou, a chamada Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego, situada na Casa Galega da Cultura.

En xullo de 2000 colocouse na praza de Francisco Fernández del Riego, na cida-



Casa natal de Francisco Fernández del Riego, no concello lucense de Lourenzá.

de de Vigo, unha escultura co seu busto, realizada por Álvaro de la Vega.

Na mesma década dos 90, o concello natal de Fernández del Riego –Lourenzá– comezou a recibir parte do seu legado bibliográfico. Na actualidade conta cuns 400 volumes –entre os que cómpre destacar coleccións tan relevantes como a revista *Nós*–, que están albergados na biblioteca Juana de Ibarbourou, na que se habilitou unha sala que leva o nome do fillo predilecto desta vila e que foi inaugurada polo propio Del Riego en 2001. (Ramón Piñeiro et al.)

FERNÁNDEZ RIVAS, Eduardo. Pintor nado en Sada (A Coruña) o 21 de febreiro de 1948. Estudou debuxo e pintura con Salvador Querolt na súa localidade natal entre 1961 e 1966 e, posteriormente, na Coruña continuou a súa formación artística con Aurelio de Lombra, asemade que realizaba o bacharelato e asistía ás clases da Escola de Artes e Oficios da Coruña. Nos seus comezos cultivou o retrato, realizando pinturas dalgunhas das personalidades académicas coruñesas máis coñecidas do momento.

Cando apenas contaba con 20 anos espertou nel un grande interese polo antigo Exipto, paixón que o levou a realizar numerosas viaxes por todo o país do Nilo. Sobre este mundo fixo numerosas investigacións, tanto en museos como nos propios xacementos arqueolóxicos, e con esta temática do mundo faraónico desenvolveu unha actividade intensa como conferenciante e como autor de ensaios históricos publicados en diarios e revistas de tirada nacional, dos que sobresaen “Moisés”, “Alejandro Magno en Exipto” e “Amarna’s Affaire”, entre outros.

No tocante á súa obra pictórica, enmarcada nas tendencias artísticas da xeración dos 70, defínese polo expresionismo, moi rica en cromatismo e dotada dun espírito moi innovador. Nela predominan as figuras, e as técnicas preferidas constitúenas os óleos, os acrílicos e as acuarelas.

Realizou exposicións individuais en diferentes cidades de Galicia e de Italia, en Madrid, en Nova York... e formou parte de varias colectivas, tamén de Galicia, Madrid, Sevilla, Málaga, Santander, Caracas, etc. Participou nalgunhas feiras internacionais de arte de diferentes países, como O Canadá, Suíza, Francia e Os Estados Unidos...; en dúas convocatorias de Euroart 97 e 98, en Barcelona; na Feira Internacional de Arte de Boloña (1998) e foi seleccionado nas mostras internacionais de arte de Florencia e de Roma en 2001.

Ten obra no Centro Galego de Arte Contemporánea de Galicia; no Concello, na Deputación e no Palacio de Congresos da Coruña e na Colección Anuart de Barcelona, entre outras institucións públicas.



Ares ou a guerra, obra de Eduardo Fernández Rivas.

Eduardo Fernández Rivas recibiu, entre outros galardóns, a mención honorífica La Terraza (A Coruña, 1963) e o Gran Premio Internacional de Arte de Roma, galería Il Colezionista (2001).

É membro da Asociación Española de Exiptoloxía, da Asociación de Amigos da Biblioteca de Alexandría e, dende o ano 2000, académico da Academia Internacional Greci-Marino de Letras, Artes e Ciencias de Vinzaglio (Novara) e da Academia Internacional Il Marzocco de Florencia, dende 2003.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Antonio. Xurista que naceu na Coruña o 11 de maio de 1916. cursou Dereito na Universidade de Santiago, como alumno libre, e logo ingresou por oposición na carreira xudicial. O seu primeiro destino foi o xulgado de Vilalba (Lugo); de aquí pasou ó de Santiago de Compostela, pero en virtude da reorganización das categorías dos xulgados foi destinado ó de Primeira Instancia e Instrución de Viveiro (Lugo), no que ascendeu, por antigüidade, a xuíz de termo.

Trala súa promoción a maxistrado, exerceu no Xulgado de Primeira Instancia de Oviedo e a continuación no da Coruña. En norma de antigüidade, acadou a categoría de maxistrado de ascenso e foi destinado á Audiencia Territorial, adscrito á Sala Primeira do Civil. Paralelamente, ocupou os cargos de presidente do Xurado Provincial de Expropiación e vicepresidente do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Mancomún, os dous na Coruña, e a maxistratura titular da Comisión Auxiliar do Padroado da Mutualidade de Empregados de

Notarías. Dende 1977 foi maxistrado da Sala Primeira do Tribunal Supremo de Madrid.

Tamén foi vogal permanente da Comisión Xeral de Codificación, vicepresidente da Mutualidade de Previsión de Funcionarios da Administración de Xustiza, membro do Instituto de Dereito Foral na sección que lle corresponde a Galicia e académico de número da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Fernández Rodríguez participou en diversas convencións científicas, xa que presidiu a sección primeira do Congreso Iberoamericano e Filipino de Dereito Penal e Penitenciario, desenvolvido na Coruña en 1969 e formou parte da Comisión de Estudos do I Congreso de Dereito Galego, entre outros.

A constante preocupación de Antonio Fernández por Galicia e polas súas manifestacións xurídicas compiladas e consuetudinarias levárono á investigación no ámbito do Dereito civil especial de Galicia, ó que lle dedicou varios traballos. Entre estes destacan *Comentarios de la compilación del Derecho civil especial de Galicia*, que realizou en colaboración cos tamén xuristas galegos M. Iglesias Corral, R. Carballal Pernas, J. Antonio García Caridad e A. Sánchez García, que formarían un tomo da obra *Comentarios al Código civil y compilaciones forales*; *Enciclopedia práctica: grado medio* (Barcelona, 1944); *Enciclopedia práctica: grado preparatorio* (Barcelona, 1955); *Mensajes pedagógicos: incitaciones a un magisterio con brío misional* (Palencia) e “Problemática